

ELOS DE LECTURA

Poesía para saír do carreiro

Marilar Aleixandre asina 'Ovella descarreirada', un convite para abandonar o camiño agardado da man da poesía actual

BERTA DÁVILA
CRPIH/USC

A escrita para a infancia e a mocidade de Marilar Aleixandre (Madrid, 1947) ten o signo da agudeza, a ironía e o respecto por ofrecer ao lector novo a mellor das literaturas. É esta unha cuestión particularmente importante cando se trata de poesía para nenos e mozos, xénero particularmente danado polas fórmulas caducas e a desatención do mediador adulto e da edición contemporánea.


Así, este conxunto de poemas, que vén de editar Xerais, son un acontecemento a celebrar, ademais de por si mesmos, tamén polo coitado do formato editorial e pola feliz confluencia do texto cun traballo de ilustración altamente suxestivo de Óscar Villán.

Dividido en tres partes, de once poemas cada unha, *Ovella descarreirada* acolle un feixe variado de animais e temáticas complexas que encaixan unhas noutras para dar forma a unha especie de cosmovisión. Cada un dos animais protagonistas négase a tomar o camiño previsible ou agardado.

Reivindícase así a liberdade de ser o que se desexa ser ou o que eticamente é escollido, de maneira que o individuo é rescatado fronte á masa ou ao rabaño, sempre en loita coas cartas marcadas da identidade preconfigurada. Esta cuestión materialízase como unha rebeldía liberadora, que amplía os hori-



Marilar Aleixandre, autora de 'Ovella descarreirada'



zontes da identidade máis alá dos límites da especie e, se se quere, dos límites do xénero.

Interesa en especial o xeito de articular as ideas centrais. As perspectivas sobre as cousas, as condutas e as

e plantas escollidos tampouco é inocente, e dá cabida a un universo de espécimes que non teñen con frecuencia un tratamento equiparable na literatura infantil ao dos mamíferos amables dos debuxos animados de importación. Así o polbo, a faneca, o ourizo cacho, a sardiña ou a buguina, son protagonistas xunto coa camelia, o tileiro, o freixo, a flor do toxo, e outros seres que nos son próximos e que falan dun mundo autóctono, rico en nomes propios que se arrepoñen con dignidade igual que o fan os topónimos nun dos poemas da segunda parte.

No uso de formas e fórmulas atopamos unha mestura intelixente e eficaz de esquemas tradicionais que se recuperan aquí (a regueifa, por exemplo) ou frecuentes na poesía para a infancia (os recursos de repetición e os versos encadeados) con recursos da poesía contemporánea, nun continuo que marcha sen estridencias, mérito tamén da organización estrutural das pezas e da actualización do tradicional para enxergar un discurso contemporáneo, de xeito que non se establece nunca un debate maniqueo entre tradición e innovación senón unha confluencia valiosa de ambas achegas.

Un libro de fronteira para lectores novos e de todas as idades, que canta á diferenza, á insubmisión e ao pracer da poesía.

bertadavila@gmail.com

persoas que aquí se presentan achéganse ao lectorado como alternativas, como fórmulas de pensamento e acción, nunca de xeito coercitivo ou sancionador como viña sendo frecuente nos libros infantís instrumentalizados como vehículos de represión moral ou como transmisores de valores didácticos.

Non significa isto que se baleire de ideas, máis ben ao contrario: hai no poemario unha ideoloxía que é ofrecida ao lector de xeito honesto, unha visión ética e estética do mundo, que precisamente por principios foxe da lección exemplarizante porque nunca se presenta como prohibición ou oposición senón como opción.

O catálogo de animais